

Onde o belén se chama Begonte

Margot Montero

Susiño do Caneiro nacera hai sete anos nunha aldea de Lugo. Sempre soñaba con que, cando fora grande, percorrería o mundo, como fixera Marcial do Cancelas ou o Loliño da señora Pilar. Só agardaba medrar axiña, para comprobar cos seus ollos marabillas nunca vistas nesas montañas onde el vivía, pero que, segundo dicían, só ó cruza-la raía.

O seu mestre, Don Avelino, gustáballe falar das cousas de antes, porque para el o progreso estaba aínda por vir, de tal xeito que resultaba moi difícil de entender.

Para Susiño era un pracer escoitalo ler neses libros, cheos de debuxos de cores, esos que cinco minutos antes de remata-la clase, Don Aurelio lles pasaba man por man para que aqueles inocentes abrirán os ollos ante cousas nunca vistas.

Cando o libriño chegaba cabo de Susiño, o rapaz non podía evitar acaricia-los papeis coma se non quixera perder detalle.

“Cando sexa grande —pensaba— buscarei estas tendas ata dar cos abelorios que engalanaran o mantelo que leva a miña nai os Domingos á misa”.

O mestre, diante de tal concentración, unhas veces refungaba e outras armábase de paciencia, ata que o neno daba por aprendida ben a lección, pasándolle o libro ó seu compañeiro.

Un día polo Nadal, repasando o Misterio do Nacemento de Cristo, o noso amigo abstraese algo máis da conta, e non reparou en facer de acompañante das verbas de Don Avelino. Así que, alá se marchou a covaña de Belén para adorar tamén o Neno, de quen dicían chegaría a se-lo rei dos Xudeus. Susiño, furou e furou entre a xente ata chegar a primeira fila e non perder detalle.

A Virxe era moi guapa, semellaba ás princesas dos contos, aínda que algo máis delgada, pois non en valde tivera que andar moitísimos quilómetros montada na besta, que tamén asomaba por unha cabi-leira, argallada, eso si, de xeito provisional.

San Xosé, moito máis vello, sostíña unha caxada. Estaba de pe ó caron de María envolto nunha túnica raída e coberta de pó. A súa faciana tamén amosaba algo de cansanzo. O meniño daba gusto velo; durmía plácidamente entre as pallas do presebe, pero non tiña frío, porque seus pais, con bo tiño, prenderan moi preto del a muliña e o boi, que cos seus alentos mantiñan o calor do pequerrechiño.

Susiño presenciou, durante o tempo que alí estivo, as ofrendas da xente que coma os seus veciños traballaban no campo. “Non facía falta nada máis que mirár-lle-las mans para saber dos seus oficios”, sorriu.

E nesas estaba, cando pasados uns días, chegaron tres señores, vestidos coas roupas máis finas que poidades imaxinar. Polas coroas que portaban só podían ser reis, chegados de moi lonxe montados nuns estranos animais con xibas. “De nacer na miña terra, seguro que os ensinarian nas feiras”, cavilou o rapaz.

¡E qué cargadiños viñan! Deixaron a cova que non había por onde remexerse. Eran os presentes reais, traídos do cabo do mundo para honra-lo meniño de pelo loiro, “o único capaz —pensou Susiño— de librarnos das calamidades que hai que pasar aquí abaixo”.

Estaba a piques de entregarlle tamén el o mango dunha navalla, que labrara o outro día gardando as vacas no monte, cando Don Avelino tocou as palmas tres veces, sinal inequívoco de que o tempo do estudo rematará ata o día seguinte.

Non puido o pícaro evita-lo seu disgusto por ter que deixar a tan ilustres acompañantes e saír a encherse de lama por aquelas corredoiras, “—que Deus me perdona— non eran tan axeitadas nin para os bulebule das cabras”. Cando chegou á casa, a súa nai xa o estaba esperando coas papas na mesa.

—“¿Que tal che foi na escola?”.

—“Ben, hoxe o mestre falou-nos do nacemento do Neno Xesús”.

—“Claro, porque estamos no Nadal e de seguida virán os

Reis. ¿Ti que lles vas pedir este ano?”

—“Non sei.... gustaríame ir a Belén, pero coido que desta vez non vai poder ser, ¿non si?”

—“¡Hai que pequeno este, sempre pensando nos biosbardos! Non, a ti, a caluga, cando chega de noite, débela ter ben traxinada”.

Susiño, comeu as papas axiña e unhas noces con mel que tanto lle gustaban. De seguido saíu á solaina a agarda-la chegada do seu irmán que, que viña de permiso. O Servando estaba a facer-la mili no campamento de Parga.

Cando o viu cruza-la portada correu a collerle o macuto, e sen parar de rebulir pediulle que lle contase como era ese pobo onde “cumpría coa patria”.

O Servando dixo: “Todo ó seu tempo, rapaz, agora vou botar unha cabezadiña, e na cea contareiche o que queiras”.

A espera fíxoselle eterna. Era a primeira vez que Servando viña de permiso, e de seguro que as súas historias prometían máis da conta.

Cando estaban todos por fin na mesa, no medio de conversacións “interesantísimas”, a nai contou a última ocorrencia do fillo pequeno.

—“¿A que non sabedes o que lle pide Susiño ós reis?”

—“Unha bicicleta”, dixo Servando.

—“Unha buxaina e unha billarda nova”, dixo o seu pai.

—“¡Que va! Podedes estar toda a noite cavilando, que non o ides adiviñar”.

—“Quere ir a Belén, nin mais nin menos”.

As gargalladas escoitáronse por tódolos recunchos da casa. Cando se decataron, o neno estaba colorado coma un pemento e coa testa baixa.

—“¿E por que queres ir tan lonxe?”, dixo Servando con dozura.

—“Pois —tatexou Susiño—, porque Don Avelino falou-nos do nacemento, e de seguro que terá que haber un grandísimo, que recolla con todo luxo de detalles o que alí aconteceu cando naceu Deus”.

Todos se miraron con tristura, por no poderen compracer esa “tola” pero fermosa ilusión



“Begonte —pensou o Susiño— tamén empeza por B”

do cativo.

O día seguinte, o Servando, aproveitando que estaban todos reunidos para almorzar, di-xo moi serio:

—“Preparade todo, que hoxe imos facer unha longa viaxe”. O Susiño abríronselle os ollos coma pratos.

—“Non irmán, non —dixo Servando—, a Belén xúroche que non imos, pero voute levar a un sitio onde hía un Nacemento con figuriñas que se mo-ven, en medio de lóstregos e do nacer do arco da vella. Ve-ña, que non che conto máis porque prefiro que o vexas por ti mesmo”.

O Susiño correu ó cuarto a poñerse a súa mellor roupa. Sen folgos, animou a seus pais para que se desen presa na la-boura de dar de comer ós ani-mais, e poder así pechar pronto a casa.

A viaxe case que durou tres horas, pois tiveron que coller

dous coches de liña. O pé da Nacional VI, cando se baixou do último autocar, o cativo viu un letreiro que poñía “Belén electrónico de Begonte”. O co-razón latexóulle con forza: “Be-gonte —pensou— tamén em-peza por B”.

Tras chegar o Servando, di-xolle ó cura párroco que se fa-cía o favor lle explicase ó seu irmán a historia do belén. O Su-siño non daba creto ó que vía. Os quince minutos que durou a representación do belén foron os intres máis máxicos da súa vida.

—“¿Quen dixo, que non es-taba en Belén?”

—“Si eles souberen...”

Só agardaba que as seis da tarde, hora en que tiñan que coller o coche de liña, non che-garan demasiado á présa.

Agarrou forte a man de súa nai. O seguintes quince minu-tos fan a escomezar...